

ENFIANDO


AS OUTRAS LÚAS

Texto Francisco X.

Fernández Naval

Escritor

Fotografías Maribel Longueira



Estes días, nos cines do país, tivemos ocasión de ver -hai lugares nos que aínda a exhiben- a película arxentina "Luna de Avellaneda", do director

Juan José Campanella, interpretada, entre outros actores, por Ricardo Darín, Eduardo Blanco e José Luis López Vázquez. Unha curiosidade deste film, é que na entrada ofrecen un folleto cun breve vocabulario que recolle sobre trinta palabras de lunfardo, co seu significado equívoco, e é que como se di no propio papel: "Argentina-España, dos nacións separadas por un mesmo idioma".

Pero, se cadra, non sucede iso connosco. Os galegos sabiamos que unha parte importante de nós mesmos está alá, do outro lado do mar, sobre todo en Bos Aires, como o está na Habana, en Caracas ou en Montevideo.

Ese "estar" non é xa tanto debido á presenza e á puxanza da comunidade galega actual, á baixa polo paso dos anos e o retorno de moitos dos que marcharon ou dos seus fillos, e golpeada polas crises económicas. Por suposto que, por identidade e por corazón, estamos nos que quedan, pero tamén, e sobre todo, nos

símbolos e no patrimonio que a comunidade galega foi construíndo e que aínda hoxe podemos apreciar, contemplar, admirar e compartir.


Velaí están as pinturas de Colmeiro e de Luís Seoane nas cúpulas das galerías comerciais Pacífico e Santa Fé, ou o enorme e fermoso mural de Luís no teatro San Martín sobre o nacemento do teatro arxentino; está tamén o panteón do Centro Galego no cemiterio da Chacarita, o local da Federación de Sociedades Galegas na rúa Chacabuco, os nomes das rúas que imos atopando no paseo, os libros galegos nas librerías de Corrientes, ou o banco de Galicia, que xa non é o que foi, pero que segue tendo como icono a cruz da orde de Santiago.

Todo o anterior, unido á realidade dos galegos que aínda viven en Bos Aires, fai desta cidade un lugar de aprendizaxe e de emoción para calquera de nós cando imos aló.

Se cadra, o que é menos frecuente é atopar ou recibir mensaxes emitidas pola propia sociedade arxentina, nas que se reconece a débeda contraída cos galegos emigrantes. Algo disto sucede na película de Campanella. José Luis López Vázquez interpreta a don Aquiles, un galego emigrado que con outros dous amigos, tamén galegos, funda o club social Luna de Avellaneda.

Unha das sensacións que nos queda cando saímos do cine é que aqueles homes e mulleres galegos da emigración, en circunstancias ben difíciles, axudaron ó desenvolvemento da economía, pero tamén a madurar o ser arxentino e porteño, que a súa aposta pola vida axudou a construír un xeito de ser, unha maneira de entender o home e o mundo, aportando valores e sentimentos en clara contraposición ós que hoxe propón o neoliberalismo de mercado e sen escrúpulos que cobiza posuído todo.

"Luna de Avellaneda" é para nós unha película gratificante, que nos devolve, dende o outro lado, a imaxe entrañable e positiva dunha experiencia colectiva que foi no seu momento unha maldición e unha condena para cantos a padeceron, tanto os que marcharon como os que quedaron. Pero ademais, lémbra-nos, a nós que andamos sempre coa autoestima en crise, que Galicia, que os galegos, dende a peor das situacións, pero sempre dende a nosa identidade, axudamos a construír o mundo, que foron moitas as lúas ás que demos vida, ás que devolvemos o brillo no horizonte vital de tantas xeografía como percorremos, incluída a nosa.



Arriba, mural de Luís Seoane no teatro San Martín. Abaixo, imaxe da rúa Concepción Arenal de Bos Aires

